



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS . EXERCICIO 2023

PRIMEIRO.- RÉXIME XURÍDICO , OBXECTO E OBXECTIVOS.

As presentes bases, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e, naquilo que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz (BOP de 02/06/2018), e serán concedidas de acordo cos principios de obxectividade, concorrència e publicidade.

Encádranse na liña estratéxica “1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, a xuventude e o fomento turístico de Alfoz nos seus distintos ámbitos” , das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais Anos 2020-2023 aprobado polo Pleno da Corporación en data 09 de marzo de 2020 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 62 de data 16 de marzo de 2020.

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz . A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.-Obxectivos estratéxicos (de primeiro nivel).

- * Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- * A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Alfoz programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado de forma coaduvante á actuación municipal.
- * A participación activa da veciñanza nunha actividade –a cultura– de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.
- * Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, colaborando na súa consolidación e integración no tecido cultural do municipio.

1.2.-Obxectivos instrumentais ou específicos (de segundo nivel).

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- Promover a participación da veciñanza na vida das entidades culturais, ao primar o número de socios activos.
- Promover o autofinanciamento das entidades, primando a aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos propios ao desenvolvemento das actividades.
- Promover a complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos, primando aqueles proxectos que, de non se desenvolver polas asociacións, serían susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.
 - Fortalecer o movemento e tecido asociativo local no ámbito cultural .
 - Fomentar a participación dos mozos e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do





municipio.

SEGUNDO.-ENTIDADES BENEFICIARIAS.

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

TERCEIRO.- CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO.

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse con cargo aos créditos orzamentarios recollidos no vixente Orzamento Municipal para o ano 2023 , no capítulo IV, cunha contía máxima de 6000,00€.

De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións, estas poden concederse tanto para actuacións xa realizadas como pendente de realización.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

4.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles nos que concorran as tres características seguintes , de forma simultánea e acumulativa:

1º. Aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e dentro de estes se entenderá que son subvencionables os gastos directamente derivados da organización, celebración ou participación en/de certames, premios, celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, desfiles, exhibicións, concursos, mostras, encontros, conferencias, estudos ou calquera outra actividade de conservación, promoción e divulgación de valores culturais, engadidos os costes de adquisición de materiais e bens non inventariables directamente utilizadas na actividade.

2º. Os que se deriven da realización de actividades desenvolvidas no exercicio 2023, os executados (e facturados) entre o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria da presente subvención .

Polos que respecta actividades previstas para o último trimestre de 2023 aínda non desenroladas , os gastos comprometidos (con orzamento aprobado) dende o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria, así como os gastos executados(facturados) ata o día 31 de decembro de 2023.

3º. Aqueles cuxo pagamento se realicen ata a data límite de xustificación .

4.2. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

4.3. Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

a) Inversións ou equipamentos das Asociacións.

b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar, pólizas de seguro xenéricas, costes de aluguer, de cotas ou taxas de inscrición en rexistros administrativos, etc.

c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

d) Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.

4.4. O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinale/n pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

4.5 . Non se subvencionarán:

- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación ou entidade cultural.
- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente cultural.
- A realización de obras.
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida nas Bases de Execución.
- Aquelas que non garden relación co obxecto social ou fin social da Asociación .

QUINTO.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención dirixiranse á Concelleira delegada de Cultura e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 DÍAS NATURAIS** dende a publicación de anuncio destas bases no BOP e na Base Nacional de Datos de Subvencións . En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.-Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Alfoz (concellodealfoz.sedelectronica.es).

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

bases da convocatoria.

A documentación a achegar para a tramitación da solicitude é :

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo Anexo III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-

A unidade administrativa xestora realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados polos solicitantes, entre outros, a inscrición do solicitante no Rexistro, a representatividade do Presidente ,etc..

De conformidade co indicado no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, pola unidade administrativa efectuarase unha preavaliación das solicitudes na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiario e concluírá cun informe sobre o particular.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Concelleira delegada de Cultura e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

-Presidencia: Concelleira delegada de Cultura

Vogais:

- Un concelleiro do Grupo Municipal PsdG-PSOE .

-Un concelleiro de Grupo Municipal VIA Alfoz.

-Un concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

- Un funcionario da área de Cultura, Técnico auxiliar da biblioteca pública municipal.

Secretaría: a titular da Corporación, sen voz nin voto.

Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite por entidade ao que se alude na base 5, nin o conxunto do crédito orzamentario dispoñible que se estableza na convocatoria.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración. Esta copia pode verificarse en sede electrónica do Concello de Alfoz.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Concelleira delegada de Cultura , previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de un mes dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, en todo caso antes do 31 de decembro de 2023 ,e o silencio administrativo será desestimatorio.

Prevía fiscalización pola intervención municipal, a resolución será notificada aos beneficiarios.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención se divida polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Alfoz , por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Prevese a entrega a conta de ata o 80 % do importe da subvención aprobada, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado coa solicitude da subvención.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉPTIMO.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2023.

O cuantía da subvención concederáse segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.





O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma .

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago. Comunicarase por certificación do Secretario da asociación ou declaración responsable do Presidente.

- Ata 10 socios	1
- De 11 a 50 socios	2
- De 51 a 100 socios	4
- De 101 a 200 socios	6
- Máis de 200 socios	8

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación .

- Entre 1 e 2 anos	0
- De 3 a 5 anos	1
- De 6 a 8 anos	2
- De 9 a 10 anos.....	3
- De 11 anos a 20 anos	5
- De 21 a 29 anos	8
- Mais de 30 anos	12

II. VALORACIÓN DA IMPLICACIÓN NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (máx 100 ptos)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

Ata 10 participantes.....4 puntos.

De 11 a 50 participantes8 puntos

51 a 100 “ 10 puntos

Máis de 100 “ 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas . Ata 30 puntos.

- Actividades só para socios: 10 puntos.

- Actividades con prazas limitadas para socios e non socios:20 puntos.

- Actividades abertas ao publico en xeral: 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

Para tales efectos computaranse tanto as executadas no 2023, así como as previstas realizar no último trimestre de 2023, no seu caso.

Asignarase 3 puntos por cada actividade , ata o máximo de 36 puntos.

Entenderase que se levou a cabo a mesma actividade cando existan unha equivalencia no contido obxectivo da actuación .

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

-Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18 anos) : ata 2 puntos por actividade.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.
- Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.
- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades : ata 8 puntos por actividade.
- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2023.

- Ningunha subvención ou axuda económica 5
- Subvención ou axuda económica ata 3.500 euros 2
- Subvención ou axuda económica superior a 3.500 euros....0

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2023 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)

- Ata 2.000 euros 5
- De 2.000 a 6.000 euros 8
- De 6.001 a 10.000 euros 13
- De 10.001 a 15.000 euros 18
- Máis de 15.000,01 euros 25

Dividirase o orzamento dispoñible para Subvencións a asociacións entre o total de puntos sumadas por todas as asociacións que opten a elas. Iso arrojará o valor en euros por punto. A continuación multiplicarase ese valor obtido polos puntos sumados por cada asociación. O resultado que resulte será a subvención que se concederá a cada asociación. Sexa cal for esa cifra, en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento das actuacións subvencionadas, entendendo como tal a diferenza entre os gastos acadados e os ingresos obtidos.

OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- Realizar a actividade subvencionada, no caso de tratarse de actuacións con gastos comprometidos que teñan previsto a súa realización no último trimestre de 2023.
- O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- Aportar os datos que se soliciten por parte da Concelleira delegada de Cultura no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
- Deberán empregar o logotipo do Concello de Alfoz , ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que teñan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración do Concello de Alfoz en todas as publicacións, carteis e documentación impresa .





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

h) Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a realizar ou sobre a actividade realizada na web do Concello de Alfoz ou en calquera outro medio ou soporte.

i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Alfoz , a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Alfoz novas peticións.

j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 1 de marzo de 2024.

2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO IV destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago. Non se admitirá tickets ou facturas simplificadas non nominativas.

As facturas deberán ser datadas dentro dos exercicio 2023, e deberan conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores, ademais dunha relación unitaria dos traballos realizados ou bens subministrados co importe unitario e o IVE desagregado.

Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros (500,00€). No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico” ou “ pagado” , así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz .





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

5. Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

6. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

As xustificacións deberán presentaranse no Rexistro do Concello de Alfoz de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Alfoz.

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Alfoz.

DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Alfoz.

DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira.

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que





correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins aos que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpran todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

O Concello de Alfoz quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2021, na Lei 38/2003, xeral de subvencións , no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz .

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ .

ANEXO I

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da asociación).	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociación	Nº de asociados
Secretario/a	Enderezo electrónico



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Alfoz para a promoción da actividades culturais durante o exercicio 2023, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN:

Para o que aporto a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- b) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo Anexo III.
- c) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- d) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- e) Copia do CIF da entidade.
- f) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- g) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

En Alfoz, a _____ de _____ de 2023.

Asdo.

ALCALDIA CONCELLO DE ALFOZ

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS
EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ .****ANEXO II MEMORIA DA ACTIVIDADE**

Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se acadou ou se preende acadar cos mesmos, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fora suficiente, poderán empregarse os documentos que resulten precisos, que serán presentados xunto con esta solicitude.

Deberase dar unha denominación xenérica ao proxecto presentado (exemplo, actividades culturais ano XX,) e cubrirase para cada unha das actividades concretas, no caso de ser varias, unha memoria descriptiva para cada unha de elas.

No suposto de tratarse de actividades a realizar no último trimestre de 2023, cubrirase o último dos cadros .

En canto aos documentos xustificativos do gasto (facturas, ou orzamentos no caso de





actividades a realizar no último trimestre) pódese optar por presentar neste momento as copias compulsadas das facturas ou ben na fase de xustificación da subvención concedida, onde en todo caso se deberán aportar as facturas compulsadas e os xustificantes de pagamento).

MEMORIA ANO 2023

DENOMINACIÓN:

SOLICITANTE :

ACTIVIDADES ENGADIDAS (RESUMO)(ENGADIDAS AS PREVISTAS PARA O ULTIMO TRIMESTRE 2023)

ANUALIDADE	DENOMINACIÓN

GASTOS IMPUTABLES

ANUALIDADE	DENOMINACIÓN	IMPORTE A SUBVENCIONAR (COSTES MENOS INGRESOS)
	TOTAL PROXECTO	

MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN

(Engadir unha Memoria por actividade concreta)

Anualidade	2023
Actividade	
Datas:	
Lugar:	
Persoas destinatarias:	



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Breve descrición da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación ,ámb ito territorial, ...)	
Resultados obtidos:	

CONTA XUSTIFICATIVA**GASTOS DA ACTIVIDADE CONCRETA**

CONCEPTO	CONTÍA	CIF PROVEEDOR(*)	NºFACTURA(*)	DATA PAGAMENTO (no seu caso)	ANUALIDADE ACTUACIÓN





TOTAL					

(*) Acompañaranse de copias compulsadas das facturas orixinais seladas e asinadas (non se admiten tickets nin facturas simplificadas non nominativas nin as que se expidan a nome de calquera persoa distinta do beneficiario)

As facturas deben ser expedidas no mesmo exercicio , e deben conter o número de identificación fiscal do perceptor, selo e sinatura do subministrador, relación unitaria de traballos realizados ou bens subministrados , importe unitario, importe total e IVE (ou declaración de estar exento).

(*) Acompañaranse de copias compulsadas dos documentos orixinais xustificativos do pagamento , que será de carácter bancario no suposto de que o seu importe exceda dos 500 euros, ou ben coa lenda recibí ou pagado na mesma factura, asinada e selada polo emisor no caso de importes menores de 500€

No caso de ter obriga de levar libros de contabilidade, deberá presentarse certificado da persoa competente sobre a anotación do citado gasto.

DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCÍONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA ACTIVIDADE CONCRETA

CONCEPTO	CUANTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN S (Solicitada) C (Concedida)
TOTAL		

INGRESOS DA ACTIVIDADE CONCRETA

CONCEPTO	CUANTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN (no seu caso) S (Solicitada) C (Concedida)	ANUALIDADE ACTUACIÓN





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

TOTAL			
-------	--	--	--

SUPOSTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO CUARTO TRIMESTRE 2023

Actividade		
Datas:		
Lugar:		
Persoas destinatarias:		
Breve descrición da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación , á mbito territorial,...		



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Resultados PREVISTOS:		
--------------------------	--	--

GASTOS: PREVISIÓN CUARTO TRIMESTRE 2023**ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS 4º TRIMESTRE 2023**

CONCEPTO	CUANTÍA
TOTAL	

**DECLARACION DE AXUDAS OU SUBVENCIONS DO CONCELLO E
DOUTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS**

CONCEPTO	CUANTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN S (<i>Solicitada</i>) C (<i>Concedida</i>)
TOTAL		

INGRESOS ESTIMADOS 4º TRIMESTRE 2023

CONCEPTO	CUANTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN (no seu caso) S (<i>Solicitada</i>) C (<i>Concedida</i>)





TOTAL		

En Alfoz, a de de 2023.
Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS
EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ**

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Presidente/a da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

Nome da asociación	CIF
--------------------	-----

DECLARO:

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades culturais no exercicio 2023, e que non estou incurso/a de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Alfoz , inxerindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Alfoz poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se





solicita.

_____, ____ de _____ de 2023.
O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE EXECUCIÓN E DE OUTRAS AXUDAS

D./Dña. _____, con
NIF: _____, en calidade de solicitante/ representante da subvención indicada, declaro
baixo a miña responsabilidade que:

- ☐ Non se solicitou nin se obtivo ningunha outra axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública .
- ☐ Que se solicitou axuda ou subvención a _____ por importe de _____.
- ☐ Que foi concedida axuda ou subvención por _____ pola contía de _____ euros. Apórtase copia compulsada da resolución de concesión da subvención.

En Alfoz ,a de de 2023.

Asdo.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ
DECLARACIÓN XURADA CONCORRENCIA CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN

D./Dña. _____, con
NIF: _____, en calidade de solicitante/ representante da subvención indicada, declaro
baixo a miña responsabilidade que, respecto da actuación denominada: (no seu caso poderá
cubrirse tantas declaracións xuradas como actividades distintas se efectúen)

Son certos e concorren os seguintes datos :

Anualidade	2023
1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago	
2º.- Antigüidade desde que se constituíu	



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

como Asociación .	
3º. Número de participantes nas actividades programadas	
4º.- Repercusión social das actividades: a. Actividades só para socios. b. Actividades con prazas limitadas para socios e non socios. c. Actividades abertas ao público en xeral.	
5º.- Número de actuacións concretas desenvoltas	
6º.- Actividades enfocadas á mocidade	
7º.- Actividades enfocadas á 3ª idade	
8º.- Pola función didáctica e educativa	
9º.- Repercusión turística para Alfoz	
10º.- Actividades periodicidade semestral.	
11º.- Subvencións doutras AAPP	
12º.-Gastos totais realizados	

En Alfoz, a de de 2023.
Asdo.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS
EXERCICIO 2023 CONCELLO DE ALFOZ

CONTA XUSTICATIVA(Anexo IV)
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Nome Entidade beneficiaria:	CIF
-----------------------------	-----





--	--

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas ca achega concedida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades culturais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2023, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS. (Achéganse copias compulsadas das facturas e dos xustificantes de pagamento)

Expedidor da factura (con CIF)	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe	Data de pagamento
			Total gastos		

- No caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:
- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións. (copia compulsada da resolución de concesión e /ou xustificante bancario)

Administración concedente.-	Importe.-
Total _____	€



**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe.-
Total _____	€

_____, ____ de _____ de 202__.
O/A representante da entidade.

Achéganse coa presente:

- Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz .
- Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Igualmente, por medio da presente se formula declaración responsable como representante da entidade de que _____ (SI/NON) está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

En Alfoz, a 10 de novembro de 2023.
A Concelleira delegada de Cultura
Asdo. Ana Aránzazu Incera Ares.

